

INSTRUCCIÓN PARA A ADMISIÓN E MATRÍCULA NO CURSO 2023/2024

Alumnado matriculado en 1º curso de **Formación Profesional Básica** - Curso 2022/2023

Cociña e restauración (CBHOT01)
Actividades de panadaría e pastelería (CBHOT03)

Alumnado que promova de 1º a 2º curso, en xuño de 2023

Para formalizar a matrícula no curso académico 2023/2024, o alumnado ten que cubrir e achegar ao centro o **ANEXO I, fotocopia do documento de identidade d@ alumn@ e a folla de actualización de datos de contacto, no prazo ordinario que se establece.**

Documentación	<ul style="list-style-type: none"> - Anexo I (debidamente cuberto e ASINADO*) - Fotocopia do documento de identidade do alumn@: DNI/NIE - Pago Seguro Escolar (alumnado menor de 28 anos) - Folla de actualización de datos de contacto
Formas de envío	
<p>1. Preferentemente por correo electrónico, envío da documentación escaneada a: ies.vilamarin@edu.xunta.gal</p> <p>No <i>Asunto</i> do correo: “Matrícula 2º curso de nome do ciclo formativo-Curso 2023/2024” No <i>Corpo</i> do correo, especificar os datos persoais do alumn@: “Nome e apelidos e DNI/NIE”</p> <p>2. Correo postal (enviar a documentación con antelación suficiente, para que chegue dentro do prazo; o alumno debe asegurarse de que a documentación chega ao centro)</p> <p style="padding-left: 40px;">IES de Vilamarín Att.: Secretaría (Matrícula Curso 2021/2022) Lugar O Palacio, 2 32101 Vilamarín (Ourense)</p> <p>3. Persoalmente, na secretaría do centro</p>	
<p>SEGURO ESCOLAR: o alumnado menor de 28 anos ten que pagar o seguro escolar obrigatorio (queda cuberto todo o ano escolar no que o estudante cumpra dita idade). O alumnado obrigado ao pago de seguro escolar ten que pagar o importe da taxa do seguro escolar obrigatorio, no momento de formalizar a matrícula: IMPORTE: 1,12 €</p> <ul style="list-style-type: none"> • En efectivo, na secretaría do centro (Importe exacto). • Mediante transferencia bancaria, especificando no concepto “Seguro Escolar-Nome e apelidos do/a alumno/a) <p style="text-align: center;">IBAN IES Vilamarín: ES32 2100 4771 4802 0006 0219</p> <p>O alumno/a debe entregar o xustificante bancario de ingreso na secretaría do centro, persoalmente ou a través do correo electrónico.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Enviar por correo postal, xunto coa documentación para a matrícula. 	

* SINATURA DA SOLICITUDE

“A solicitude deberá ser asinada pola persoa solicitante. Se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representantes legais. Nos casos de separación ou divorcio destes/as, será necesaria a sinatura de ambas as persoas proxenitoras, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a unha delas. Nestes casos, cumprirá presentar, coa solicitude, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.”